



CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA

## RESOLUCIÓN DO 27 DE XULLO DO 2023 DO DIRECTOR XERAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A. POLA QUE SE DECLARA INHÁBIL O MES DE AGOSTO PARA OS EFECTOS DO CÓMPUTO DE PRAZOS DO PROCESO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN.

O desenvolvemento dos procesos selectivos esixen o cumprimento de determinados prazos, en concordancia co establecido nas bases da convocatoria e demais normativa de aplicación.

Polo anterior, en consideración ao periodo vacacional ordinario e para garantir o cumprimento dos prazos establecidos e o normal desenvolvemento do proceso extraordinario de estabilización,

### RESOLVO

Declarar inhábil o mes de agosto aos efectos do cómputo de prazos do proceso selectivo extraordinario de estabilización convocado mediante Resolución do Director Xeral da Corporación RTVG do 29 de decembro de 2022 e anunciado no DOG do 30 de decembro de 2022.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación, perante, a elección do demandante, o xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición na que teña o seu enderezo, ou o de Santiago de Compostela, conforme aos artigos 8 e 14 de Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).

Santiago de Compostela, 27 de xullo do 2023

O Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.

  
CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo